

É obrigatorio cubrir todos os apartados da memoria. No caso de que o espazo sexa insuficiente ou ben queiran ampliála, deberán achegar como documentación adicional, un PDF asinado dixitalmente.

NOME DA ENTIDADE: ANPA “O AREAL” DA EEI FERNÁNDEZ VARELA

NIF:G-15170392

CONCELLO AO QUE PERTENCE: A POBRA DO CARAMIÑAL

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO: 7.532,50 €

SUBVENCIÓN SOLICITADA: 6.026,00 €

TIPO DE ENTIDADE (marcar unicamente unha opción)			
A. Cultural	B. Veciñal	C. Educativa x	D. Social e/ou asistencial

CARACTERÍSTICAS E INTERESE CULTURAL DA PROPOSTA
<p>1.Nome do proxecto</p> <p>Adentrándonos no noso.</p>
<p>Relación enumerada e detallada das actividades que se van desenvolver e para as que se solicita subvención.</p> <p>A entidade que representamos ten unha longa traxectoria axudando ás familias na conciliación familiar e laboral encargándose de organizar actividades a continuación do servizo comedor (tamén xestionado pola mesma) para dar continuidade á xornada escolar dos cativos. A nosa labor na búsqueda de actividades centrouse en ampliar a oferta de anos anteriores con contidos que permiten ós nenos e nenas acadar unha maior autonomía, fomentar a diversidade e reforzar os coñecementos en distintas disciplinas. Séguese ofertando música, arte, inglés, ximnasia acrobática, ioga e piscina e a maiores no curso 2019-2020 incluíronse ballet, taekwondo e lingua de signos.</p> <p>No eido das celebracións escolares tamén se desenvolverán distintos talleres e obradoiros fora do horario lectivo para facer partícipes ós familiares na vida da escola.</p> <p>No proxecto deste ano seguimos organizando saídas e actividades culturais co fin de ir iniciando ós máis pequenos, acompañados dos seus familiares, no coñecemento do noso. Entedemos ese “noso” como un conxunto que vai dende o coñecemento do medio máis próximo a unha iniciación na cultura galega. Contemplamos visitas algo máis afastadas que lles permitan tamén coñecer outros aspectos da nosa provincia que consideramos moi enriquecedores nesta etapa da educación infantil. Todas elas están</p>

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.

pensadas para irille introducindo ós pequenos o coñecemento da nosa cultura, da nosa contorna e tamén das nosas tradicións, sempre adaptadas a idade que teñen, para que pouco a pouco se vaia definindo a súa identidade a base da interacción cos elementos cotiáns que os rodean e tamén con esos outros que lle imos amosar.

Esta é a relación de actividades propostas para dar vida ó noso proxecto:

1. Celebración do entroido. En colaboración co resto de ANPAS do concello organizamos a festa de entroido na cal temos como obxectivo manter viva unha celebración que xa é seña de identidade da cultura galega.

2. Visita a Coruña: Casa das ciencias, Domus e Casa dos peixes. Viaxe en autobús á cidade da Coruña para coñecer os museos por excelencia para os máis cativos. Con esta saída pretendemos espertar as súas inquiredanzas na ciencia, no coñecemento do corpo e na natureza a través dos animais dende un punto de vista didáctico e interactivo.

3. Actividade de reforestación. Coa finalidade de concienciar tanto ós nenos como ás súas familias no respecto e coidado da nosa contorna organizamos, coa colaboración da comunidade de montes, unha charla sobre a importancia do mantemento e coidado das nosas fragas. Logo da introducción faremos unha saída xunto coas familias voluntarias para plantar distintas especies autóctonas e así colaborar na reforestación desta zona tan atacada polos incendios forestais e as especies invasoras nas últimas décadas.

4. Celebración do día das letras galegas. Con motivo da festividade das letras galegas celebrarase unha romaría en horario escolar na que a nosa entidade colabora activamente, tanto coa contratación dun grupo de música tradicional como participando na organización xunto co claustro do profesorado para que as familias e os nenos disfruten da conmemoración dunha data tan importante para a nosa comunidade. No proxecto deste ano, para dar a coñecer outro aspecto da cultura tradicional galega, en colaboración coa asociación Cultural Arrancadeira, imos a facer unha mostra de traxe tradicional na escola. O día da festividade, os compoñentes do grupo explicarán tamén das partes que se compón a súa vestimenta e farán unha presentación dos distintos instrumentos que van a tocar.

5. Visita á aula da natureza e centro de interpretación do barro “Brañas de Valga” e Ecogranxa de Xanceda. Seguindo a liña do proxecto elaborado para o ano 2020, iremos ás Brañas de Valga. Os participantes na actividade desfrutarán dunha visita guiada polas inmediacións da lagoa para coñecer de primeira man os animais e plantas autóctonos dese ecosistema con explicacións sinxelas e adaptadas ás idades e necesidades do grupo. Tamén está incluído un obradoiro de elaboración dunha figura de barro no cal poderán sacar as súas dotes máis artísticas.

Pola tarde está programada a visita ás instalacións da Ecogranxa “Casa grande de Xanceda”. Temos especial ilusión por esta parte do proxecto porque no ritmo de vida actual hai menos oportunidades para que os máis cativos gozen en primeira persoa dos entornos naturais nos que antes se estaba a cotío, encontrándonos con nenos que nunca viron máis alá da televisión ou os libros unha vaca ou unha ovella, ós que lles costa entender a importancia destes animais e do seu hábitat.

As instalacións da Granxa de Xanceda foron elixidas pola nosa entidade para esta visita porque crían ós animais dende o respecto, vivindo ó aire libre, alimentándose do pastoreo e sen técnicas invasivas. Tratamos unha vez máis de amosarlle ós cativos a importancia de respetar o noso, o medio e os seres vivos, vivindo de primeira man a experiencia para instaurar pequenos pilares dentro da súa educación sobre os cales se irán asentado o resto de experiencias ó longo do seu crecemento, para chegar a ser os adultos respetuosos e concienciados que buscamos.

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.

6. Mostra de actividades. Por primeira vez programamos unha mostra para amosarlle ás familias as competencias adquiridas durante as actividades extraescolares. No teatro “Cine Elma” os nosos rapaces farán pequenas exhibicións e actuacións ca finalidade de que os familiares poidan ver a súa evolución e tamén para que outros se poidan animar a participar neste proxecto para o seguinte curso escolar.

7. Visita ó museo do Mar de porto do Son e Castros de Baroña. Para non esquecer as nosas raíces mariñeiras ideamos esta saída a Porto do Son para visitar o museo do mar donde os nenos poderán coñecer como son os distintos aparellos utilizados e adentrarse nese mundo mediante a exposición fotográfica, os relatos de vivencias ou a zona interactiva.

De camiño están os castros de Baroña, nun enclave natural único, visita obrigada para amosarlles ós cativos como era a vida no tempo dos celtas.

8. Viaxe a Sálvora. Escollemos visitar esta illa porque a súa condición illada e tamén como pertencente ó parque natural das illas atlánticas permitiu conservar a esencia da cultura dos nosos antergos.

Parecíanos indispensable para este proxecto ensinarlles ós nenos como vivían os seus avós e avoas no noso pasado máis recente, porque forma parte da nosa identidade.

A aldea de Sálvora vai a ser un perfecto exemplo para que o entendan dunha forma sinxela. Os horreos, o faro e a fauna e flora da illa é o escenario perfecto para este fin.

A maiores esta saída aportaralles a experiencia dunha viaxe en catamarán pola nosa ría donde tamén poderán ver as bateas, outro elemento cotiá que lles esperta gran curiosidade.

Acompañarannos na viaxe un grupo de música tradicional que nos amenizará o día.

9. Peque - camiñada. No outono faremos unha saída por algún dos paraxes cercanos para amosarlle a riqueza medioambiental que temos na nosa comarca. Acompañarannos un experto en micoloxía que lles irá explicando as diferentes especies de setas que temos pola zona e a importancia de non tocar o que non coñecemos debido ós perigos que isto conleva, unha vez máis, adaptada para os máis pequenos.

Consideramos que é parte da nosa función brindar a oportunidade ás familias de vivir xuntas este tipo de experiencias dado que sempre se comparten vivencias e coñecementos enriquecendo moito máis a actividade.

10. Xincana no Pazo de Faramellos. Visitaremos o concello de Rois para amosarlle ós nenos o pazo de Faramellos. Encontrámolo o lugar perfecto para ter contacto coa natureza e tamén potenciar o coñecemento da ecoloxía e historia galegas. Ademais da visita guiada polo pazo preparamos unha xincana para os nenos ambientada na época. Como colofón, poderán prantar unha árbore conmemorativa nos xardíns do pazo.

11. Celebración do Samaín. Esta festa está cobrando máis forza nos últimos anos, recuperando a identidade galega, un pouco arrebatada pola forza de outras celebracións foráneas que terminan por invadir de certa maneira ás nosas.

Farase un taller para elaborar disfraces e adornos para o cole e tamén haberá unha festa en conxunto coas outras ANPAs do concello para celebrar este día todos xuntos.

12. Magosto. En colaboración ca escola encargarámonos da celebración do Magosto, outra das festas tradicionais que queremos que coñezan e manteñan. Os nenos comerán castañas asadas e farán xogos populares e, a maiores, haberá unha sesión de contacontos ambientada para amenizar a xornada.

13. Taller de elaboración e decoración de postais de nadal. No eido dunha sociedade cada vez máis dixitalizada gustaríanos achegar ós nenos a posibilidade de pasar unha sesión divertida elaborando

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.

postais de nadal para enviar por correo postal ós seus amigos e familiares. A finalidade é intentar que non se perdan as boas costumes e loitar en certo modo contra a deshumanización social que estamos vivindo.

14. Celebración do Nadal. Unha vez máis organizaremos un taller para elaborar adornos e decorar o cole con motivo da celebración do Nadal . Xunto cas outras ANPAs do concello, faremos unha festa con talleres e xogos populares onde aproveitando a celebración seguiremos reforzando a nosa cultura popular.

A maiores de todas estas actividades xa postuladas temos en mente completalas con algún contacontos e/ou grupos de música tradicional según se nos vaia presentando a ocasión.

2. Obxectivos que se perseguen.

A finalidade do proxecto que presentamos é a de contribuir na adquisición dos coñecementos necesarios sobre o medio, sobre sí mesmos e tamén sobre a nosa cultura e tradicións; actuando de nexo de unión entre as familias e o centro, asumindo un papel activo na educación dos nenos.

3. Calendario das actividades.

As actividades levaráanse a cabo ó longo de todo ano 2020.
Intentamos distribuilas de modo que tódolos meses haxa algunha.

4. Colectivos e persoas destinatarias.

O alumnado cursando educación infantil na EEI Fernández Varela e as súas familias.

5. Descrición do labor de colaboración da entidade solicitante con outras entidades sociais e culturais no desenvolvemento das actividades para as que se solicita subvención. (Indicarase como se concreta a colaboración en cada caso)

Colaboración na organización das festas de interese en conxunto coas ANPAs do concello.
No desglose das actividades especifícanse tamén as colaboracións puntuais previstas coa Asociación cultural Arrancadeira na celebración das letras galegas e coa comunidade de Montes na actividade de concienciación sobre a reforestación.

6. Explicación da natureza e impacto sociocultural das actividades (número de persoas asistentes ou participantes, traballo con colectivos de especial interese social, etc).

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.

As actividades arriba descritas poden chegar a un apróximado de 200 persoas, tendo en conta que o número de nenos da escola son 67 e entendendo que a cada cativo o acompañen 2 familiares. Este número será variable en cada punto do proxecto e non podemos anticipalo dado as características do mesmo.

7. Estratexias e ferramentas de difusión das actividades e de creación de públicos, se for o caso

Comunicación aberta coas familias do centro, impresión e distribución de trípticos e carteis, grupos de whatsapp de pais e nais e correo electrónico.
Taboeiro de novas do centro.
Publicación nas redes sociais a través do perfil de Facebook "ANPA Fernández Varela".

8. Elementos innovadores presentes na metodoloxía, nos contidos ou nos recursos utilizados.

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.

Para incluír o alugueiro do local da entidade como gasto subvencionable:

Relacionar un mínimo de **20 actividades** anuais que se van desenvolver no local da entidade (exclúense do cómputo as de natureza interna como reunións da directiva, asembleas de socios/as, ensaios, etc.)

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.